

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 30 DE ABRIL DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se autoriza o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para adaptar e incorporar á sede electrónica os procedementos administrativos da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 80% derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba definitivamente o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira co concello de Moraña para a execución da obra de eliminación e conexión á EDAR de Moraña das fosas do



Casal e remate da rede de saneamento da Igrexa. Moraña por importe de cento noventa e oito mil seiscientos vinte e un euros con vinte e tres céntimos (198.621,23 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (Asoporcel) para continuar coa execución in situ de actividades de recuperación, conservación e fomento da raza porcina Porco Celta, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), por un importe total de cento corenta mil euros (140.000,00 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a resolución conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia pola que se aproba a nova versión das guías para a habilitación electrónica de procedementos administrativos da Xunta de Galicia.
- Informe sobre as actividades desenvolvidas durante o ano 2013 pola Academia Galega de Seguridade Pública.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o programa de financiamento "Galicia 1000".

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a licitación das obras do Centro de Saúde de Vilarrodís-Arteixo.



A XUNTA ACTUALIZA E MELLORA AS GUÍAS PARA A HABILITACIÓN ELECTRÓNICA DE PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS E CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS

- *Estas guías necesitan estar actualizadas conforme a lexislación vixente en cada momento*
- *Potencian a modernización, racionalización e simplificación dos procedementos administrativos e servizos, a redución de trámites e cargas burocráticas*
- *Facilitan a relación entre os cidadáns e a Administración e contribúe á reducir os custos administrativos*

O Consello da Xunta deu conta da nova versión das guías de textos e de formularios normalizados e da Guía de habilitación electrónica de procedementos administrativos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, e que teñen como obxectivo a simplificación de procedementos que afectan a cidadanía.

O pasado ano, o Consello da Xunta aprobou estas tres guías co obxectivo de axudar os órganos e as unidades da Administración xeral e do sector autonómico de Galicia na elaboración de normas que regulan procedementos administrativos e convocatorias de subvencións, e facilitar o cumprimento da normativa en materia de Administración electrónica e simplificación administrativa. En concreto, trátase da Guía de habilitación electrónica de procedementos administrativos, da Guía de textos normalizados e da Guía de formularios ou anexos normalizados.

Durante o primeiro ano de vixencia das guías, a propia actividade administrativa levou a identificar unha serie de melloras que poderían incidir na súa eficiencia, na axilización da tramitación administrativa dos procedementos ou na claridade e mellor servizo á cidadanía. Ademais, como ferramentas vivas que son, estas guías necesitan estar actualizadas conforme a lexislación vixente en cada momento e a realidade social do tempo en que deben ser aplicadas.

Estas guías van encamiñadas a potenciar a modernización, racionalización e simplificación dos procedementos administrativos e servizos, á redución de trámites e cargas burocráticas, ademais de facilitar a relación entre os cidadáns e a Administración, contribuír a reducir os custos administrativos das actividades empresariais e axudar a mellorar a competitividade das empresas grazas á promoción da sede electrónica como canle preferente na tramitación administrativa.

Entre as novidades máis salientables que incorpora a nova versión das guías de habilitación de procedementos destacan a obrigatoriedade de utilizar naqueles procedementos que teñan como destinatarios entidades locais, a sede electrónica como única canle para a presentación das súas solicitudes e a adaptación aos novos sistemas



transversais de tramitación dispoñibles, como son a notificación electrónica de Galicia e a plataforma de interoperabilidade pasaXe.

Ademais, ponse á disposición dos interesados, na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>), unha serie de modelos comúns que facilitarán os trámites administrativos ante a Administración galega. Entre os modelos normalizados dispoñibles, as persoas interesadas poderán encontrar os destinados a realizar emendas, modificacións das súas solicitudes, alegacións ou recursos.

Dispoñibilidade das guías

A nova versión das guías estará dispoñible, desde a publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia* mañá, na intranet da Xunta no enderezo <http://intranet.xunta.es/reduce>.

Plan Achega

O Consello da Xunta aprobou tamén o decreto polo que autoriza o Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para adaptar e incorporar á sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es> os procedementos administrativos á disposición da cidadanía na Guía de procedementos e servizos, segundo os compromisos do Plan de axilización administrativa 2014-2016 (Plan Achega).

Así, mediante Orde do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza aprobarase a adaptación dos procedementos administrativos previamente revisados e simplificados ao disposto nas guías de habilitación dos procedementos administrativos aprobadas polo Consello da Xunta do 25 de abril de 2013 e, de ser o caso, habilitarase a súa presentación electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia.

O pasado mes de febreiro o Consello aprobou o Plan de axilización administrativa 2014-2016, o Plan Achega, co obxectivo de acadar unha administración máis áxil, eficiente e próxima nas súas relacións coa cidadanía. O Plan recolle unha serie de medidas concretas destinadas a revisar os procedementos administrativos que a Administración galega pon á disposición dos cidadáns para melloralos, simplificalos e posibilitar a súa presentación electrónica como garantía do principio de celeridade que a Administración galega asume dentro dos seus compromisos na súa actuación.

Estas medidas están planificadas no marco temporal 2014-2016 e suporán a culminación do proceso de incorporación na sede electrónica dos procedementos administrativos da Guía de procedementos e servizos, a redución dos seus prazos de resposta, así como a supresión ou simplificación da documentación requirida. A primeira das actuacións recollidas no Plan Achega consiste na revisión de máis de 900



procedementos administrativos do sector público autonómico que aínda non estaban dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.



A XUNTA APROBA O DECRETO QUE ESTABLECE AS TARIFAS DOS SERVIZOS SANITARIOS PRESTADOS NOS CENTROS DEPENDENTES DO SERGAS E NAS FUNDACIÓNS PÚBLICAS SANITARIAS

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias a pacientes que non sexan beneficiarios da Seguridade Social, así como naqueles casos en que, sendo beneficiarios, exista un terceiro obrigado ao pagamento que deba asumir o gasto sanitario.

A Consellería de Sanidade vén publicando anualmente o decreto polo que se actualizan estas tarifas que, actualmente, están recollidas no Decreto 221/2012, do 31 de outubro, e no Decreto 100/2013, do 13 de xuño, polo que se modifica o anterior.

Aquelas aplicables á asistencia sanitaria prestada en centros do Servizo Galego de Saúde incrementáanse respecto das recollidas no decreto anterior nunha porcentaxe do 0,5%, igual ao incremento do IPC galego desde decembro de 2012 ata decembro de 2013. Tamén se incrementan na mesma porcentaxe as tarifas aplicables á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia – 061 e á Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia.

Doutra banda, os prezos aplicables pola Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía redúcense respecto ás do ano 2012 e os da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica non experimentan ningún incremento respecto ao mesmo ano.

Terceiros obrigados ao pagamento

Considéranse terceiros obrigados ao pagamento nos supostos de asistencia sanitaria prestada aos asegurados ou beneficiarios do sistema de Seguridade Social pertencentes á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, Mutualidade Xeral Xudicial ou Instituto de Forzas Armadas; asistencia sanitaria prestada aos asegurados ou beneficiarios nos supostos de empresas colaboradoras na asistencia sanitaria do Sistema de Seguridade Social; asistencia sanitaria prestada nos supostos de accidentes de traballo ou enfermidades profesionais a cargo das mutuas de accidentes de traballo; seguros obrigatorios (de deportistas federados e profesionais, de vehículos de motor, de caza, de viaxeiros e seguro escolar); convenios ou concertos con outros organismos e entidades; e cidadáns estranxeiros nos supostos previstos expresamente.

Tamén están obrigados ao pagamento os accidentes acaecidos con ocasión de eventos festivos, actividades recreativas e espectáculos públicos no caso de que se subscribise contrato de seguro de accidentes ou responsabilidade civil, seguro escolar e calquera outro suposto en que, en virtude de normas legais ou regulamentarias, o importe das



atencións ou prestacións sanitarias deba ser por conta das entidades a terceiros correspondentes.



A XUNTA APROBA A CONCESIÓN DE ANTICIPOS DE ATA O 80 POR CENTO NAS AXUDAS A CONCELLOS PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE

- ***A convocatoria impulsa os proxectos de xestión compartida e prioriza as solicitudes presentadas conxuntamente, que recibirán ata 40 puntos***
- ***Subvencionaranse programas de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero, fomento da conciliación e apoio aos CIM***

O Consello da Xunta deu o visto e prace hoxe a un acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 80 por cento para a convocatoria de axudas e subvencións para a promoción da igualdade nas entidades locais galegas durante 2014.

A convocatoria é en réxime de concorrencia competitiva e está destinada tanto a entidades locais que presenten as súas solicitudes de forma individual como mediante o sistema de xestión compartida. O seu orzamento é de 3,4 millóns de euros, cofinanciados ao 80 por cento polo Fondo Social Europeo.

Existen tres tipos de programas subvencionables: programas de promoción da igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero; programas de fomento da conciliación, e programas de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM).

A primeira destas liñas está destinada a medidas como a elaboración e avaliación de plans de igualdade, accións de capacitación do persoal municipal ou a realización de actividades de coeducación dirixidas á poboación infantil e xuvenil. Ademais, tamén se destinarán a accións de prevención e tratamento integral da violencia de xénero. A contía máxima que pode recibir unha entidade local nesta liña de axudas é de 10.000 euros no caso de solicitude individual e ata 20.000 euros se é unha solicitude conxunta.

O segundo programa, o destinado ao fomento da conciliación, subvenciona todas aquelas medidas, accións ou programas que os concellos adopten coa finalidade de facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras, como os bancos de tempo ou os plans de programación do tempo das cidades. Neste segundo programa, a contía máxima será de 12.000 euros para as solicitudes individuais e de ata 20.000 euros nas conxuntas.

Por último, o programa dedicado aos CIM, ten por obxecto colaborar coas entidades locais no funcionamento destes centros, coa finalidade de garantir a prestación dun servizo de información ás mulleres e promoción da igualdade que lles proporcione asesoramento xurídico e psicolóxico; información sobre recursos específicos para mulleres, así como o desenvolvemento de calquera outra actividade que teña como obxectivo prioritario a promoción da igualdade entre mulleres e homes. A contía máxima



por este programa é de 45.000 euros, se é de xeito individual, e ata 100.000 euros no caso dunha solicitude conxunta.

Ademais, como vén sendo habitual, impulsaranse os proxectos de xestión compartida, polo que se priorizarán as solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local, que recibirán ata 40 puntos por este feito. Os concellos que se agrupen ou asocien deberán presentar un convenio de colaboración relativo a esta agrupación ou asociación. A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



O PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA PLANIFICA 117 ACTUACIÓN S QUE SE PODERÁN DESENVOLVER NOS VINDEIROS ANOS EN 95 CONCELLOS EN FUNCIÓN DA DEMANDA REAL

- *O documento, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, deriva das directrices de ordenación do territorio*
- *Permite planificar e localizar a superficie necesaria de solo empresarial e definir os ámbitos do territorio susceptibles de acoller solo empresarial para cubrir as necesidades a longo prazo*
- *A superficie total prevista supera os 46 millóns de metros cadrados*
- *Ao IGVS e Xestur corresponderalles desenvolver 53 destas actuacións, sempre que exista demanda contrastada a través do Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial*
- *O resto de actuacións corresponden a outros promotores públicos ou privados*
- *O Plan sectorial é froito de varios anos de traballo e de exhaustivas análises da realidade actual e da posible demanda de solo empresarial nos próximos anos*
- *Para a elaboración do Plan sectorial tívose en conta a opinión de empresas galegas, órganos administrativos e axentes sociais e económicos*

O Consello da Xunta celebrado hoxe aprobou definitivamente o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia, que ten como obxectivo principal a planificación das actuacións de solo empresarial que se poderán executar en Galicia ata 2024, sempre tendo en conta a demanda real de solo que se produza en cada comarca galega e que será comprobada a través do Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial. A demanda real de solo servirá para priorizar as actuacións previstas no plan e o momento de acometelas.

O Plan sectorial serve para cuantificar, planificar e localizar a superficie necesaria de solo empresarial e definir os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo.

Parte das actuacións incluídas no Plan sectorial teñen como promotores o IGVS ou Xestur, dependentes da Xunta de Galicia, mentres que outras actuacións dependen doutros promotores públicos como SEA, S.L., Consorcio da Zona Franca de Vigo, Sepes, Suplusa, os propios concellos ou promotores privados. Así mesmo, existen actuacións incluídas no Plan que aínda non teñen un promotor definido.

Polo que respecta ás actuacións dependentes da Xunta de Galicia, desenvolveranse en función da demanda real contrastada a partir do Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial, de maneira que as actuacións que se leven a cabo terán unha demanda mínima garantida.



Actuacións incluídas

O plan inclúe un total de 117 actuacións, situadas en 95 concellos, que acadan unha superficie total ordenada de 46.303.084 m² dependentes de promotores da Xunta de Galicia, o Estado, administracións locais e provincial e promotores privados.

Das actuacións incluídas no Plan, 53 corresponden ao IGVS e Xestur, cunha superficie de 16,6 millóns de metros cadrados e tres a SEA, S.L. (1,47 millóns de metros cadrados) mentres que as 61 actuacións restantes corresponden a outros promotores públicos ou privados ou non teñen un promotor definido.

O número de actuacións delimitadas por provincia e área funcional é o seguinte:

PROVINCIA	ÁREA FUNCIONAL	CONCELLOS	Nº ACTUACIÓNS
A CORUÑA	AF A CORUÑA	12	17
	AF DE FERROL	6	6
	AF DE SANTIAGO	13	22
LUGO	AF DE LUGO	8	8
	AF AS MARIÑAS	5	8
	AF TERRA DE LEMOS	2	3
OURENSE	AF OURENSE	17	17
	AF O BARCO DE VALDEORRAS	3	4
	AF VERÍN	1	1
PONTEVEDRA	AF PONTEVEDRA	14	13
	AF LALÍN	3	3
	AF VIGO	11	15

Obxecto

O obxecto do Plan Sectorial é determinar onde se desenvolverá nos próximos anos o solo empresarial que demanden

De acordo co modelo territorial establecido polas directrices de ordenación do territorio, o plan trata de compatibilizar o desenvolvemento de solo empresarial en Galicia coa defensa do ambiente, a paisaxe e o patrimonio cultural, mediante a avaliación da viabilidade de cada unha das actuacións previstas e a análise da capacidade de acollida de todo o territorio galego.

O Plan sectorial busca cubrir os déficits de solo empresarial, tratando de reducir os desequilibrios intercomarcais. A cobertura de déficits realízase pola seguinte orde:

- 1.- Na propia comarca deficitaria mediante as actuacións en tramitación e en estudo previstas no Plan 2009-2015 ou actuacións doutros promotores.
- 2.- Os déficits non cubertos no punto 1: cóbrense nas comarcas adxacentes que presentan superávit.
- 3.- Os déficits non cubertos nos puntos precedentes: cóbrense mediante a delimitación de novo solo.

Metodoloxía

O Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia elaborouse tendo en conta tanto a realidade actual do solo empresarial en Galicia como a súa futura demanda.

Por un lado realizouse unha análise do solo empresarial que na actualidade ofertan tanto os organismos dependentes ou relacionados coa Xunta de Galicia (IGVS, Xestur, SEA) como doutros organismos públicos e entidades privadas, considerando o solo xa dispoñible e o que se atopa actualmente en execución ou previsto.

Por outra parte, realizáronse enquisas e entrevistas a empresas galegas, órganos administrativos, axentes sociais e económicos co obxectivo de cuantificar a futura demanda de solo empresarial en Galicia e a localización de dita demanda.

Así mesmo, tamén se realizou un estudo das vendas de solo empresarial no período 2000-2008; finalmente completouse o estudo do mercado coa utilización dun modelo estatístico que, utilizando diversas variables socioeconómicas e baseándose na evolución das vendas desde o ano 2000, realizou unha proxección das necesidades de solo empresarial cara ao futuro. Os resultados deste traballo indican que nos próximos anos máis do 18 por cento das empresas galegas van necesitar novas superficies industriais, que destinarán maioritariamente á ampliación das actividades existentes, a cambios de localización e á diversificación das súas actividades.

Decántanse pola adquisición do solo ou o alugamento con opción de compra máis do setenta por cento dos enquisados. No extremo contrario están os demandantes de naves ou de solo en alugueiro, que non chegan ao cinco por cento.

En calquera caso, as estimacións de demanda de solo empresarial saídas dos estudos realizados veranse reforzadas ou reaxustadas polos datos reais que ofrecerá o Rexistro de demandantes de solo empresarial en cuxa creación traballa actualmente o Instituto Galego da Vivenda e Solo.



Unha vez redactado, o Plan sectorial someteuse a exposición pública para a presentación das alegacións pertinentes, parte das cales foron incorporadas ao plan sectorial.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A NOVA REDE DE SANEAMENTO DO CASAL E O REMATE DAS OBRAS DA ZONA DA IGREXA, EN MORAÑA, CO FIN DE EVITAR A CONTAMINACIÓN NA BACÍA DO UMIA

- *Estas actuacións hidráulicas no concello de Moraña constan dun orzamento económico dun total de 198.621 euros, achegados ao 100 % pola Consellería de Medio Ambiente a través de Augas de Galicia*
- *Na zona do Casal prevese un pozo de bombeo no lugar da fosa para impulsar as augas residuais desta área e a instalación dunha conducción de impulsión desde o pozo de bombeo e outra en gravidade para conexión á rede existente*
- *Na zona da Igrexa proxéctase a instalación dun colector para recoller as augas residuais da área e conectalas á rede existente*
- *A actuación enmárcase no Plan Umia, presentado na primavera do 2011, froito do firme compromiso da Administración galega coa consecución dunha solución ao problema da eutrofización do encoro de Caldas de Reis*
- *Con relación ao Plan Umia, na actualidade atópase en execución a obra de mellora da rede de saneamento de Cuntis, que conta cun investimento de máis de 1,3 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a colaboración técnico- financeira da Xunta co Concello de Moraña para a execución das obras de eliminación e conexión á estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Moraña das fosas do Casal, así como o remate da rede de saneamento da Igrexa.

Estas actuacións hidráulicas no concello de Moraña constan dun orzamento económico dun total de 198.621 euros, achegados ao 100 % pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a través de Augas de Galicia.

Na actualidade, parte das augas residuais de Moraña son depuradas na fosa do Casal, que está a incumprir os límites legais para os parámetros de contaminación e presenta mal estado con rebordamentos continuados. Todo isto supón unha vertedura de auga contaminada cara á bacía do río Umia, augas arriba do encoro de Caldas.

A Xunta actuará para evitar as verteduras contaminantes á bacía do Umia desde o concello de Moraña por medio do proxecto autorizado hoxe no Consello da Xunta.

Na zona do Casal prevese a construción dun pozo de bombeo no lugar ocupado pola fosa do Casal para impulsar as augas residuais desta zona e a instalación dunha conducción de impulsión desde o pozo de bombeo, nunha lonxitude de 571,5 metros, e a continuación outra en gravidade, nunha lonxitude de 256 metros, para conexión á rede existente.

Na zona da Igrexa proxéctase a instalación dun colector para recoller as augas residuais da área e conectalas á rede existente. Trátase dunha conducción cunha lonxitude de 256 metros.

A Xunta colabora neste tipo de proxectos cos concellos galegos co fin de resolver carencias nas súas infraestruturas, proporcionando unha mellor calidade de vida aos seus cidadáns e fomentando un desenvolvemento económico e social do municipio.

Plan Umia

A actuación enmárcase no Plan Umia, presentado na primavera do 2011, froito do firme compromiso da Administración galega coa consecución dunha solución ao problema da eutrofización do encoro de Caldas de Reis. O Plan presenta unha batería de propostas que van desde actuacións para a rexeneración ambiental da bacía do río, como poden ser as restauracións do bosque de ribeira ou plans de xestión forestal, ata aquelas que buscan a mellora da depuración daquelas poboacións que verten as súas augas residuais na bacía do Umia, pasando por programas de sensibilización, educación e boas prácticas agropecuarias, etc. Todas estas accións se desenvolven paralelamente ao seguimento intensivo da calidade do río e as medidas de tipo correctivo.

Así, as actuacións de eliminación e conexión á EDAR de Moraña das fosas do Casal e remate da rede de saneamento da Igrexa, que hoxe aproba o Consello da Xunta, e a conexión á EDAR de Moraña da fosa do Souto, que será licitada este ano, supoñen un paso máis na execución das actuacións previstas no Plan Umia. Ambas as dúas obras suman un investimento total de 280.870 euros.

Con relación a este plan, na actualidade está en execución a obra de mellora da rede de saneamento de Cuntis, que conta cun investimento de máis de 1,3 millóns de euros.



BENESTAR INCREMENTA O CONTROL SOBRE O FUNCIONAMENTO DOS PEF PARA OPTIMIZAR O SERVIZOS DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o texto do proxecto de Decreto polo que se regulan os PEF, un documento que se remitirá agora ao Consello Consultivo para sometelo ao seu ditame***
- ***O acceso aos puntos de encontro realizarase por derivación do órgano en materia de familia da consellería con competencias en materia de servizos sociais, por petición dos órganos xudiciais ou dos servizos de familia e menores das xefaturas territoriais do departamento autonómico***
- ***Entre as novidades, destaca tamén o establecemento dun prazo máximo de intervención de dous anos, co obxectivo de acadar a normalización da situación conflitiva e que esta non se cronifique***
- ***Galicia dispón na actualidade dun total de sete puntos de encontro familiar nas sete grandes cidades, situados en edificios públicos, e contará este ano cun orzamento de preto de 650.000 euros para o seu funcionamento***

A Consellería de Traballo e Benestar modificará o procedemento de acceso e derivación aos puntos de encontro familiar (PEF) co obxectivo de incrementar o control sobre estes e, desta maneira, optimizar o servizo que se ofrece ás familias. Así, o acceso aos PEF realizarase por derivación do órgano en materia de familia da consellería con competencias en materia de servizos sociais, por petición dos órganos xudiciais ou dos servizos de familia e menores das xefaturas territoriais do departamento autonómico, mentres que ata a actualidade o podía derivar directamente tamén o órgano xudicial. Esta novidade permitirá evitar duplicidades e axilizar o servizo.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o texto do proxecto de Decreto polo que se regulan os PEF, un documento que se remitirá agora ao Consello Consultivo para sometelo ao seu ditame. O regulamento actual dos puntos de encontro familiar de Galicia data de 2009.

Entre as novidades, destaca tamén o establecemento dun prazo máximo de intervención de dous anos, salvo nos supostos de violencia de xénero e aqueles casos en que os profesionais do PEF xustifiquen a conveniencia da continuación por períodos de tempo que non excedan os tres meses. O obxectivo da medida é acadar a normalización da situación conflitiva e que esta non se cronifique, tendo en conta que a intervención que se realiza nestes servizos é de carácter temporal e desenvolvida por profesionais.

O proxecto de decreto estrutúrase en cinco capítulos, unha disposición transitoria, unha derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

Os PEF constitúen un espazo social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente coa finalidade de favorecer a relación entre as nenas e nenos e as súas familias cando exista unha situación de separación, divorcio, tutela o calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar.

Galicia dispón na actualidade dun total de sete puntos de encontro familiar nas sete grandes cidades, e situados en edificios públicos, e contará este ano cun orzamento de preto de 650.000 euros para o seu funcionamento.

Obxectivos e principios de actuación

O capítulo I do decreto recolle fundamentalmente os obxectivos principais dos PEF e os seus principios de actuación. Destacan favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das fillas e dos fillos a manter a relación cos seus pais e nais despois dunha separación, establecendo os vínculos necesarios para o seu bo desenvolvemento psíquico, afectivo e emocional, así como facilitar o encontro coa persoa proxenitora que non ten a custodia e, de ser o caso, coa súa familia extensa.

Ademais, nos puntos de encontro familiar procúrase a seguridade dos nenos e nenas durante o cumprimento do réxime de visitas e facilítase a orientación profesional precisa para mellorar as relacións materno/paterno-fillais e as habilidades parentais de crianza.

Con respecto aos principios de actuación dos PEF, o proxecto de decreto recolle un total de sete. O interese das nenas e dos nenos, xa que sempre será prioritaria a súa seguridade e benestar; a voluntariedade; a imparcialidade; a neutralidade, xa que o equipo técnico non deberá influír nas súas intervencións; a confidencialidade dos datos e información; a non interferencia nas intervencións efectuadas por outros dispositivos de benestar social e polos órganos xudiciais; e, por último, a subsidiariedade e temporalidade, xa que o servizo está enfocado a acadar a normalización das relacións.

O Capítulo II inclúe os dereitos e deberes dos usuarios. Resaltan a protección da súa intimidade persoal e o segredo profesional do seu historial e a protección dos seus datos persoais; ser informadas sobre o expediente persoal e das normas de funcionamento; e acceder, permanecer e cesar na utilización do servizo por vontade propia, agás resolución xudicial. Entre os deberes destacan o cumprimento dos horarios establecidos na resolución e a responsabilidade de atender e coidar os nenos e as nenas no transcurso da visita.

Tipos de intervención

O capítulo III regula o marco de actuación dos PEF. Os principais tipos de intervención son tres fundamentalmente: entrega e recollida das nenas e dos nenos, en que se actúa como intermediario e supervisor; as visitas tuteladas, que son aquelas que se realizan de



forma controlada baixo a supervisión continuada dun profesional por un tempo máximo de dúas horas; e, por último, as visitas supervisadas que se realizan no PEF, tamén por un tempo máximo de dúas horas, pero sen a presenza continuada do equipo técnico. Este tipo de actuación ten lugar especialmente en casos nos cales a persoa proxenitora que ten o dereito á visita careza de vivenda na localidade.

Ademais, os equipos de profesionais deseñan e desenvolven un programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e os menores e levan a cabo tarefas de orientación e apoio familiar, entre outras. As visitas organízanse tendo en conta a superficie, a capacidade dos espazos e os horarios de cada punto de encontro.

Por último, o capítulo IV recolle os requisitos materiais de funcionamento; e o capítulo V as autorizacións, a inspección e o réxime sancionador.

A XUNTA E OS CRIADORES DE PORCO CELTA COLABORAN NA RECUPERACIÓN, CONSERVACIÓN E FOMENTO DESTA RAZA AUTÓCTONA

- ***O Consello aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (Asoporcel) para continuar coa execución destes programas***
- ***Medio Rural e Mar financiará parcialmente o custe das actividades obxecto do convenio cun total de 140.000 euros, a razón de 70.000 euros anuais durante os anos 2014 e 2015, e Asoporcel financiará os restantes custos derivados das diferentes actuacións previstas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (Asoporcel) para continuar coa execución do programa de recuperación, conservación e fomento da raza porcina Porco Celta.

Medio Rural e Mar financiará parcialmente o custo das actividades obxecto do convenio cun total de 140.000 euros, a razón de 70.000 euros anuais durante os anos 2014 e 2015, e Asoporcel financiará os restantes custos derivados das diferentes actuacións previstas.

A través do convenio, a asociación de criadores continuará coa realización do inventariado, caracterización e avaliación dos censos da raza Porco Celta. Ademais, manterá o asesoramento na selección e mantemento da variabilidade xenética dos rabaños e realizará un estudo da raza e as súas potencialidades enfocado cara aos novos modelos de produción e comercialización.

Asoporcel tamén se compromete a divulgar as posibilidades produtivas da raza e os valores comerciais dos seus produtos, incluíndo a difusión en prensa, revistas, realización de dípticos informativos e *merchandising*. Para reforzar este aspecto realizará unha xornada informativa, charla ou curso de formación anual aberta a todos os criadores sobre aspectos técnicos relativos ao plan de comercialización, aos sistemas de produción e aos produtos de porco celta.

A Consellería do Medio Rural e do Mar participará activamente en todas as actuacións do convenio custodiando os bancos xenéticos da raza e realizando as probas necesarias no laboratorio do Centro de Recursos Zooxenéticos de Galicia. Así mesmo, facilitará a Asoporcel a información das súas bases de datos que sexa necesaria para o desenvolvemento dos traballos.

Por outro lado, este departamento da Xunta colaborará na divulgación das aptitudes da raza e dos valores comerciais dos seus produtos e garantirá a accesibilidade aos



inventarios de recursos xenéticos da raza por parte dos criadores, entre outras actuacións.

As accións recollidas no convenio irán dirixidas, en liñas xerais, cara ao mantemento e aproveitamento sustentable destes animais polos criadores, impulsando os sistemas de cría e produción tradicionais na busca da mellora da eficiencia reprodutiva e de engorda, empregando na medida do posible os recursos propios e, deste xeito, potenciar as posibilidades produtivas da raza, así como os valores comerciais dos seus produtos.

O Porco Celta é a única raza porcina orixinaria de Galicia. A súa especial rusticidade permítelle unha perfecta adaptación aos bosques autóctonos galegos, independentemente das súas particularidades edafoclimáticas, facendo que se poidan explotar en réxime extensivo e obter produtos de gran calidade. Por tanto, a súa produción é unha actividade que contribúe ao mantemento da biodiversidade, á diversificación das actividades económicas no medio rural e á fixación de rendas complementarias que, no seu conxunto, serven como ferramenta para fixar poboación no medio rural.



A AGASP OFERTOU O ANO PASADO 323 ACTIVIDADES A MÁIS DE 7.000 PROFESIONAIS DA SEGURIDADE PÚBLICA E AS EMERXENCIAS

- ***A Xunta considera a formación destes profesionais como unha ferramenta imprescindible para garantir a eficacia e eficiencia destes servizos en Galicia***
- ***O ano pasado asináronse vinte convenios de colaboración en materia de formación e homologáronse máis de 160 cursos externos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe sobre as actividades desenvolvidas durante o ano 2013 pola Academia Galega de Seguridade Pública. O ano pasado a Escola ofertou 323 actividades a 7.083 alumnos, dando como resultado 9.314 horas de formación en seguridade e emerxencias.

Este balance de actividades conclúe que o Goberno galego segue considerando a formación coma unha ferramenta imprescindible para garantir a eficacia e eficiencia en materia de seguridade pública e xestión de riscos e emerxencias.

Doutra banda, durante o ano pasado asináronse vinte convenios de colaboración en materia de formación, fundamentalmente coas deputacións provinciais e cos concellos interesados na realización de cursos específicos, o que redunda nunha maior colaboración e cooperación entre administracións para mellorar a formación impartida polo centro.

Ademais, destácase que en 2013 se homologaron máis de 160 cursos externos realizados por entidades con experiencia e solvencia acreditadas que se ampliaron as áreas de formación, con cursos para a obtención de certificados de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas e en espazos naturais.

Seguridade pública

Concretamente no conxunto das actividades relativas á seguridade pública realizáronse 156 cursos, cunha duración global de 3.793 horas e unha participación de 3.915 alumnos. Entre estas actividades atópanse os cursos selectivos de promoción interna de especialización e actualización para as policía locais; os de formación continua para os axentes da Policía autonómica ou accións formativas con outros colectivos relacionados coa seguridade pública, como a Garda Civil de Tráfico, o Instituto Superior de Maia (Portugal) e as confrarías gardacostas, entre outros.

Cómpre salientar que o ano pasado a Agasp foi a encargada de impartir o curso de adaptación para o persoal de nova incorporación da Policía autonómica, cunha duración de 120 horas lectivas e contidos específicos do traballo a desenvolver nos distintos ámbitos en que actúa a unidade, tales como incendios, patrimonio, ambiente, sanidade animal, menores e seguridade e protección.



Emerxencias

No relativo ás emerxencias, houbo 167 cursos, 5.521 horas lectivas e 3.168 alumnos, fundamentalmente persoal dos servizos de extinción de incendios e salvamento -municipais e comarcais- e dos Servizos municipais de protección civil e emerxencias e agrupacións de voluntarios de protección civil.

Dentro destas actividades, destaca a formación dos servizos de extinción de incendios e salvamento -bombeiros municipais e comarcais-; máis de 130 cursos para profesionais e voluntarios de Protección Civil e máis de 800 horas de formación para socorristas galegos.

Así mesmo, unha vez rematados os procesos de selección do persoal dos grupos de emerxencias supramunicipais (GES), todos estes profesionais recibiron na Agasp un curso de formación inicial de 70 horas de duración, a maioría en cursos descentralizados nas instalacións dos distintos parques de bombeiros comarcais.



A XUNTA FINANCIARÁ 1.000 NOVOS PROXECTOS EMPRESARIAIS A TRAVÉS DUN PAQUETE INTEGRAL QUE MOBILIZARÁ 200 MILLÓNS DE EUROS

- *O programa de financiamento “Galicia 1000” destina 50 millóns de euros ás pemes galegas e novos emprendedores*
- *A través do Igape e de Xesgalicia actívase un conxunto de instrumentos destinado a cubrir as distintas necesidades que poida ter a empresa en función da súa situación*
- *Apoiaranse empresas e emprendedores na execución dos seus proxectos a través de fondos de capital risco, préstamos, bonificacións de tipos de xuro e avais*
- *Entre as principais novidades destacan os préstamos Jeremie, unha iniciativa pioneira que a través de fondos europeos impulsará a competitividade das pemes; e a bonificación de tipos de interese dos préstamos e microcréditos outorgados polas entidades financeiras*
- *Refórzanse así os recursos á disposición do tecido produtivo galego e facilítase a execución de novos investimentos e a consolidación e xeración de emprego, prestando especial atención ás zonas amparadas por plans Impulsa*

A Xunta de Galicia, coa finalidade de colaborar co tecido empresarial galego consolidando a recuperación económica, activa o programa de financiamento “Galicia 1000”, que ten como obxectivo dar resposta ás distintas necesidades que poida ter a empresa en función da súa situación. Neste sentido, o Goberno galego financiará 1.000 novos proxectos empresariais a través dun paquete integral que mobilizará 200 millóns de euros.

Así, mediante esta actuación a Consellería de Economía e Industria, a través de Igape e Xesgalicia, pon á disposición das pemes e dos novos emprendedores 50 millóns de euros coa finalidade de impulsar a rexeneración do tecido produtivo, a recapitalización das empresas, e de potenciar a execución de novos investimentos encamiñados á creación de riqueza e emprego. Deste xeito, o Goberno galego coopera no financiamento de proxectos que favorecen o emprendemento e a innovación apoiando a mellora da competitividade empresarial.

Neste contexto, o programa “Galicia 1000” configúrase como un plan realista que busca axudar as empresas nas súas necesidades de financiamento e facilitar o acceso ao crédito ofrecendo catro liñas de actuación. A primeira delas suma máis de 32 millóns de euros en iniciativas centradas en fondos de capital risco e préstamos participativos. Apóianse aquí tanto proxectos empresariais promovidos por emprendedores como a creación de novas empresas, o impulso de sectores estratéxicos e o apoio a empresas tractoras, ademais de colaborar con aquelas que, sendo economicamente viables, atravesan algunha dificultade financeira temporal. A natureza deste grupo de actuacións permitirá, tamén, atraer a Galicia investimentos estranxeiros ao tempo que se fortalece o potencial exportador das nosas empresas.



En segundo lugar, e dirixido sobre todo a financiar as operacións das pequenas e medianas empresas, o Goberno galego conta con 8 millóns de euros de préstamos Jeremie, un pioneiro instrumento financeiro en Galicia que permitirá, a través de fondos europeos, dar resposta ás necesidades das pemes para afrontar investimentos que impulsen a súa competitividade. Deste xeito, segue a avanzarse na eficiente utilización dos fondos europeos cun retorno continuo para o tecido empresarial.

O terceiro grupo incorpora outra novidosa liña de financiamento para as pemes, as bonificacións de tipos de xuro dos préstamos e microcréditos outorgados polas entidades financeiras a través do ICO. Esta actuación suma máis de 2 millóns de euros co obxectivo de favorecer o emprendemento en condicións máis vantaxosas e achegar liquidez para o desenvolvemento da actividade empresarial.

Os avais son a cuarta ferramenta de financiamento que desde a Consellería de Economía e Industria se está a pór á disposición do tecido empresarial da Comunidade. Neste sentido, a Xunta achega 7,5 millóns para avalar operacións de acceso ao circulante, tanto para reforzar proxectos xa existentes como para impulsar a creación de novas empresas.

A través deste paquete integral de financiamento, a Xunta colabora co empresariado galego nas diferentes situacións financeiras que poida atravesar, co obxectivo de que ningún proxecto viable quede sen levarse a cabo por falta de apoio. Ademais, e coa finalidade de seguir avanzando no reequilibrio territorial da Comunidade, cómpre salientar que "Galicia 1000" prestará unha especial atención ás zonas amparadas por plans Impulsa – as provincias de Lugo e Ourense, as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, así como a Costa da Morte-, achegando préstamos con bonificacións especiais.



O SERGAS DESTINARÁ MÁIS 2,8 MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE VILARRODÍS

- *A súa superficie total será superior a 2.000 m²*
- *O seu prazo previsto de execución é de 15 meses*

O Servizo Galego de Saúde vai destinar máis de 2,8 millóns de euros á execución da obra de construción do centro de saúde de Vilarrodís, en Arteixo, nunha parcela cedida polo concello.

Esta obra enmárcase na execución do Plan de desenvolvemento rural sustentable (PDRS 2010-2014) cofinanciado por fondos do Estado nun 50%, e o seu prazo previsto de execución é de 15 meses.

O centro de saúde contará cunha área médica con 14 consultas, unha área pediátrica con tres consultas, fisioterapia e salas polivalentes.

Ademais, terá unha área de administración cun arquivo, almacén e outros servizos comúns. A superficie total do centro será superior a 2.000 m².

Este novo centro da rede sanitaria pública galega atenderá unha poboación dunhas 15.000 persoas e suporá que tanto os profesionais como os usuarios dispoñan dunha infraestrutura moderna e adaptada ás súas necesidades, co fin de dar unha mellor resposta ás necesidades de saúde presentes e futuras dos veciños deste municipio.

